



Mancomunidad de Concellos do Morrazo
Eduardo Vincenti num. 8 baixo (Bueu-Pontevedra)

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO.

Antecedentes Administrativos:

Mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Mancomunidad de Concellos do Morrazo en sesión celebrada con carácter ordinario o pasado 11 de Marzo de 2.010 prestouse *APROBACIÓN á PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN de 18 de Febreiro de 2.010 DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL do concurso convocado por esta Mancomunidad para a CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO, publicado no BOP num. 202 de data do 20/10/2009 e no DOG num. 203 de data do 16/10/2009 á única proposición presentada no Rexistro de entrada da Mancomunidad co num. 236 e en data 19/11/2009 pola empresa “GSC Compañía General de Servicios y Construcción S.A. con CIF NUM. A-28579258.*

Tendo transcurrido o prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES contados dende a publicación de dita adxudicación provisional no perfil do contratante, e habida conta de que o adxudicatario provisional presenta a documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como a constitución de garantía definitiva e asemade aquelas outras que se requiren de conformidade co Prego de Cláusulas Administrativas.

Por canto non consta que no período de exposición pública se presentaran alegacións ó acordo de ADXUDICACIÓN PROVISIONAL.

Conforme co regulado no Prego de Cláusulas Administrativas particulares e prescricións técnicas que rexen o presente concurso de Concesión do Servizo Público de Prerrecollda, Recollida, Transporte e Transferencia de Resíduos Sólidos Urbanos da Mancomunidad de Concellos do Morrazo e os artigos 135.4 e 140 da Lei 30/2007 de 30 de Outubro de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno da Mancomunidad por maioría absoluta dos seus membros, cós votos favorables dos Sres. Concelleiros de BNG e PsdeG-PSOE (11 Votos) e en contra da Sra. Concelleira de ACE (1 Voto).

RESOLVE:

PRIMEIRO.- ELEVAR A DEFINITIVA a adxudicación provisional acordada pola Xunta de Goberno da Mancomunidad en sesión celebrada con data 11 de Marzo de 2.010 de “*CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PRERRECOLLIDA, RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RESÍDUOS SÓLIDOS*



Mancomunidade de Concellos do Morrazo
Eduardo Vincenti num. 8 baixo (Bueu-Pontevedra)

URBANOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO” á Entidade Mercantil “GSC Compañía General de Servicios y Construcción S.A.” con CIF NUM. A-28579258 en canto presenta OFERTA de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas e Prescripcíons Técnicas e dar cumprimento ó requerimento de aportación de documentación complementaria logo do acordo de Adxudicación Provisional.

E nos seguintes termos:

1. Importe do contrato para a totalidade dos servizos obxecto de contratación e o de QUINCE MILLÓNS SETECENTOS CINCUENTA E NOVE MIL SEISCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (15.759.667,92€Ive incluído), o que implica en virtude do prazo de duración un importe anual de UN MILLÓN NOVECENTOS SESENTA E NOVE MIL NOVECENTOS CINCUENTA E OITO CON CUARENTA E NOVE EUROS (1.969.958,49€Ive incluído).
O importe parcial anual desglósase da seguinte forma e que surtirá efectos contractuais no caso de revisión extraordinaria ou modificacións parciais do contrato:
 - a) Prerrecolida: CATROCENTOS OITENTA E OITO MIL DOUSCENTOS NOVENTA CON VINTENOVE EUROS/ANO (488.290,29€ano Ive incluído)
 - b) Recollida e Transporte de residuos sólidos urbanos e outras recollidas diferenciadas: UN MILLÓN TRESCENTOS CINCUENTA E SEIS MIL TRESCENTOS TRECE CON NOVENTA E OITO EUROS/ANO (1.356.313,98€ano Ive incluído)
 - c) Transferencia de R.S.U. no complexo medioambiental: CENTO VINTECINCO MIL TRESCENTOS CINCUENTA E CATRO CON VINTEDÓUS EUROS/ANO (125.354,22€ano Ive incluído)
2. Prezo do contrato para o período transitorio a que se refire o apartado 4 da cláusula I do Prego: NON PROCEDE
3. Fixa como canon de explotación do contrato a que se refire a cláusula V do Prego: SETENTA E OITO MIL SETECENTOS OITENTA E SETE CON CINCUENTA EUROS/ANO (78.787,50€ano máis o Ive correspondente)
4. Fixa como oferta económica de retirada da maquinaria non reutilizable: CENTO VINTE MIL CINCOCENTOS EUROS máis o Ive aplicable, que poderá aboarse mediante compensación coa primeira e segunda factura da primeira anualidade do contrato)
5. A Mancomunidade cede ó contratista durante os oito primeiros exercizos a utilización do vehículo marca RENAULT MIDLUM 240.16 con caixa VALUEPACK 1222, con número de Bastidor VF6444AHL000003578, MATRÍCULA 6119GJW, de titularidade desta entidade para os traballos encomendados nesta concesión. Todos os gastos de mantemento, reparacións taxas, impostos, sancións de tráfico, seguros etc. Son por conta do contratista. O Contratista poderá optar entre aboar a valoración de dito vehículo valorado en CENTO VINTE MIL EUROS (120.000,00€) á sinatura do contrato ou por



Mancomunidad de Concellos do Morrazo
Eduardo Vincenti num. 8 baixo (Bueu-Pontevedra)

substituír dito vehículo novo de similares características ó termo da concesión, non incrementándose por este motivo o prezo do contrato.

E asemade de conformidade coa oferta presentada segundo apartado XVI do Prego nos seus apartados 3-4-5-6-7-8-9-10.

6. A duración do prazo contractual será de 8 anos contados desde o día primeiro do mes seguinte a aquel no que se subscriba o documento formalizador do contrato. O prazo establecido poderá prorrogarse unicamente ata por un ano máis para o suposto de que a tramitación do expediente de contratación do novo servizo non estivese rematada ó vencemento do presente contrato.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ó adxudicatario do contrato xunto co seu réxime de recursos con indicación de que o expediente se atopa na Secretaría da Mancomunidad, no Concello de Bueu, para poder examinalo no momento en que se solicite.

O contrato que se derive da presente licitación será formalizado en documento administrativo dentro do prazo dos quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, puidéndose elevar a escritura pública cando o contratista o solicite sendo a súa conta os gastos derivados do seu outorgamento. O adxudicatario presentará antes da sinatura do contrato, á acreditación do Imposto de Actividades Económicas.

Serán por conta do adxudicatario o pago de tódolos salarios/indemnizacións, Seguros Sociais, impostos, contribucións, arbitrios, e demais gravames establecidos polo estado, provincia ou municipio que pesen sobre o contrato ou sobre o obxecto deste, aínda cando algúns deles poidan seren repercutibles.

Se por calquera causa imputable ó contratista non se tivera formalizado o contrato dentro do prazo indicado, o órgano de contratación poderá acordar a resolución do mesmo así como a incautación da garantía definitiva.

En Bueu a 16 de Abril de 2.010, O Presidente, Asdo. Félix Juncal Novas.